

BASES DA CONCESIÓN DE POSTOS VACANTES NA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE BUEU.

- PROCEDEMENTO ADXUDICACIÓN: ABERTO.
- TRAMITACIÓN: ORDINARIA.

CAP. I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1. Obxecto.

É obxecto das presentes bases regula-lo procedemento e o contido da concesión demanial para o uso privativo dos postos vacantes na Praza municipal de Abastos que de seguido se relacionan. Estas bases, cos documentos que preceptivamente as integra, formarán parte do contrato que no seu día se outorgue.

Postos que se licitan:

- Posto número: 13.
- Bancadas número: 1-4-9-11-17 e 20.

Co fin de mante-la libre competencia no mercado, evita-la especulación e prácticas comerciais prohibidas e de conformidade cos fins previstos no Regulamento municipal do Servico, limitase a dous o número de postos ou bancadas adxudicables á mesma persoa.

Por medio deste contrato preténdese promove-la prestación do servico municipal de Mercado que contribúa a satisfice-las necesidades dos usuarios no marco da lexislación de aplicación na materia.

2. Destino.

Os postos poderán adicarse a calquera das actividades especificadas no artigo 7 do Regulamento do Servico do Mercado Municipal de Abastos (BOP de 10.09.02). Non obstante, as bancadas resérvanse en exclusiva á venda de peixe e marisco.

3. Prezo da concesión.

Establécese o seguinte prezo de licitación, que poderá ser incrementado á alza polos licitadores, e así se valorará nas ofertas (segundo cláusula 6ª dos presentes pregos), pero que en todo caso se debe respectar como mínimo:

- POSTO Nº 13.....264, 96 €/ano
- BANCADA Nº 1..... 76,80 €/ano
- BANCADA Nº 4..... 69,12 €/ano
- BANDADA Nº 9..... 69,12 €/ano
- BANCADA Nº 11... 69,12 €/ano
- BANCADA Nº 17.... 69,12 €/ano
- BANCADA Nº 20 ... 69,12 €/ano

O anterior prezo de licitación deberá aboarse polos adxudicatarios, no seu importe total, con carácter **previo á sinatura do contrato**, podendo facerse efectivo en calquera das entidades bancarias colaboradoras do Concello mediante calquera medio de pago admitido en Dereito. O importe total do prezo de licitación que se debe aboar é a

cantidade anual anteriormente sinalada, multiplicada polo número de anos que deba durar a concesión, tendo en conta as diminucións deste prazo de duración que se poidan ofertar

En todo caso, e con independencia deste prezo de licitación, os adxudicatarios deberán aboa-la taxa en cada momento vixente, fixada na Ordenanza municipal polo uso dos bens e instalacións municipais dos mercados e para os servizos inherentes.

En todo caso, o ingreso da cantidade sinalada será requisito inexcusable para poder formaliza-lo documento da concesión. Así mesmo, a falta da formalización no prazo que se precisa nestas bases poderá supo-la resolución do contrato.

O presente contrato non orixina gastos para a Administración.

CAP. II. LICITACIÓN.

4. Capacidade para contratar.

Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten tódolos requisitos esixidos nos presentes pregos, e non estean afectos por ningunha prohibición para contratar.

5. Presentación de proposicións: informacións previas, lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

Informacións previas.- Os presentes pregos serán publicados no perfil do contratante do Concello (<http://www.concellodebueu.org/>). Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

Para a obtención desta información, e da adicional que podera solicitarse, estarase ao sinalado no art. 142 da LCSP. En todo caso debe de terse en conta:

- Que só será obrigatoria a remisión de aqueles documentos que non se encontren publicados no perfil do contratante municipal.

- Que só será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.

- A petición dos pregos e documentación complementaria non publicada no perfil, deberá de presentarse cunha antelación mínima de 6 días naturais a finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarse nos 3 días naturais seguintes á solicitude.

- Outro tipo de información adicional, sempre e cando sexa pertinente, deberá de solicitarse con 9 días naturais de antelación ó prazo de finalización da presentación de ofertas, para dar cumprimento ó prazo mínimo de remisión precisado polo art. 142.2 LCSP. Noutro caso, a remisión efectuarase nos 3 días naturais seguintes á solicitude, non admitíndose ningunha cunha antelación de menos de 3 días naturais a finalización do prazo de presentación de ofertas.

A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

As consultas poderán efectuarse no Departamento de Secretaría do Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vincenti, 8 – Bueu).

Da remisión e recepción polo interesado deixarase a debida constancia no expediente.

Lugar e prazo de presentación.- O presente procedemento anunciarase no perfil do contratante deste Concello (www.concellodebueu.org), no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, computándose os prazos a partir do día seguinte á publicación do último anuncio.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no horario de oficina de Luns a Sábados durante os 26 días naturais seguintes ó da publicación do último anuncio sinalado.

Tales prazos poderán ser prorrogados de concorri-las circunstancias previstas no artigo 78.3 do RD 1098/2001.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo. Neste caso, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ó órgano de contratación, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición, no caso en que se recibira fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos 10 días desde a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

Unha vez remitida a proposición ou entregada, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

Formalidades.- As proposicións constarán de dous sobres cerrados denominados A e B, coas inscricións e contendo a documentación que en cada un se sinala. No interior de cada sobre, necesariamente, farase constalo seu contido en folla independente, a modo de índice, enunciándoo numéricamente.

Os documentos que se acompañen, en todo caso, terán que ser orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas.

- a) Sobre A, denominado de “Documentación Xeral”, expresará, xunto co nome do licitador, enderezo e nº de teléfono e fax, a inscrición de: “DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONCESIÓN DE POSTOS E BANCADAS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE BUEU”, será asinado polo propio licitador e conterá a seguinte documentación:
 - Documento ou documentos que acrediten a personalidade do interesado e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, consistentes en:
 - Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade do licitador cando se trate de persoas físicas ou empresarios individuais. Tamén se esixirá fotocopia compulsada do D.N.I. de quen desempeñe a representación pública administrativa.
 - No caso de persoas xurídicas precisarase da escritura de constitución e de modificación (se é o caso), debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa

actividade, inscritos, se é o caso no correspondente rexistro oficial. No suposto de empresarios non españois membros de estados comunitarios este requisito acreditarase de acordo co previsto no artigo 47 da LCSP e 9 e 10 do RD 1098/2001.

- Poder verificado polo Secretario da Corporación, polos Servicios Xurídicos ou por letrado con exercicio en ámbito do Colexio Profesional Provincial, cando se actúe por representación.
 - Acreditación de non encontrarse incursos en prohibicións para contratar mediante testemuño xudicial, certificación administrativa, ou declaración responsable do licitador outorgada por apoderado ante a Secretaría Municipal do Concello de Bueu, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse comprendida a empresa ou o empresario ou profesional ofertante en ningunha prohibición para contratar. Esta declaración fará constar, expresamente, que o licitador, ou os seus administradores ou órganos de dirección, no caso de que sexa unha pwersoa xurídica, non se encontran incursos en ningunha das prohibicións para contratar coas Administracións Públicas impostas pola lexislación vixente e, en concreto, nas sinaladas polo art. 49 da LCSP, manifestando que se encontran ó corrente das súas obrigas tributarias (incluídas as da facenda municipal) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións aplicables, sen perxuicio de que a xustificación acreditativa deste último requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.
 - As empresas estranxeiras presentarán a declaración prevista no art. 130.1.d) LCSP, e acreditarán a súa capacidade de obrar segundo o sinalado no art. 9 ou 10 do RD 1098/2001, segundo os casos.
 - Carné de manipulador de alimentos.
 - Certificado médico oficial de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa.
- b) Sobre B, denominado “DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONCESIÓN DE POSTOS E BANCADAS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE BUEU”. Conterá, segundo modelo anexo ós presentes pregos:
- Oferta económica.
 - Diminución da duración do prazo da concesión que se oferte.

CAP. III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

6. Criterios de valoración.

Valoraranse como criterios para proceder á adxudicación:

- Prezo da concesión, que en ningún caso poderá ser inferior ó establecido como tipo da licitación. Ata 10 ptos.
- Diminución da duración do prazo da concesión. Ata 5 puntos.

Non se admitirán máis variantes que as sinaladas, e que se incorporarán ó contrato que se formalice.

Para o caso de empate nas puntuacións das ofertas, darase prioridade a aquelas que tiveran entrada no rexistro municipal con anterioridade.

7. Mesa de contratación.

A Mesa de Contratación estará integrada do modo seguinte:

- Presidente, que será o da Corporación municipal, D. Félix Juncal Novas, ou membro en quen delegue.
- Vocais:
 - A Concelleira delegada, D^a Rebeca Gago Sánchez.
 - O encargado municipal da Praza, D. José Pedro Fernández Pérez.
 - O arquitecto técnico municipal, D. Alfredo de la Campa.
 - A Interventora do Concello: D^a Noelia Rodríguez Martínez.
 - A Secretaria do Concello: D^a Paula Riádigos Iglesias.
- Secretario: A funcionaria do Concello D^a Araceli Pérez Morán.

No caso de ausencia xustificada, os membros da mesa serán substituídos polos funcionarios ou membros da Corporación, segundo o caso, en quen deleguen, e polos funcionarios que substitúan á interventora ou á secretaria no exercicio das súas funcións.

8. Calificación documentación xeral.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación procederá á cualificación previa da documentación xeral do sobre A en sesión non pública.

A mesa de contratación, de acordo co previsto no artigo 22 do RD 1098/2001, poderá recabar dos licitadores aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Tales requerimentos deberán cumprimentarse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Se a mesa de contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requerimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e perfil do contratante, sen prexuízo da súa notificación individual ós empresarios afectados.

En todo caso, non procederá a apertura das proposicións presentadas ata que a mesa decidise sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de terse requerido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación.

Do actuado conforme ó sinalado neste artigo deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá levantarse, na que, así mesmo, se fará pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da súa exclusión.

9. Apertura de proposicións.

Terá lugar en acto público, celebrado o 6º día hábil seguinte ó de finalización do prazo para presentar proposicións. Se o día fora sábado trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Tal día, non obstante, poderá ser demorado para o suposto de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada. Neste caso, o día de apertura de proposicións fixarase no Taboleiro de Anuncios do Concello cunha antelación de, cando menos, 3 días á súa celebración.

O acto comenará dando lectura ó anuncio da licitación, para seguir co reconto das proposicións presentadas, contrastadas coas certificacións emitidas polas oficinas receptoras. Tras elo, darase coñecemento ó público do número de proposicións presentadas e do nome dos licitadores, invitando ós licitadores a comprobar que os sobres presentados se atopan en iguais condicións nas que foron entregados.

Para o caso de discrepancias estarase ó disposto no artigo 83 do RD 1098/2001.

A continuación, o Presidente dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no sobre A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión. O Presidente invitará ós asistentes a formula-las observacións e insta-las explicacións que estimen pertinentes.

Baixo ningún suposto se admitirán pola Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións ou subsanacións que se outorgarán segundo o disposto nos presentes pregos.

A continuación, o secretario da mesa procederá á apertura do sobre B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará lectura ás proposicións formuladas neles.

Aperturado o sobre B, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións, pasando a deliberar sobre os criterios valorables segundo os pregos e podendo solicitarlos informes ou asesoramentos que teña por convenientes.

A mesa, unha vez valoradas as proposicións presentadas polos licitadores segundo os criterios para o concurso, remitirá a acta, con proposta de adxudicación ó órgano competente para a contratación, que, tra-los informes técnicos que estime procedentes e logo da comprobación de aportación pola empresa proposta do cumprimento das obrigas sinaladas na cláusula seguinte, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas motivadamente.

A proposta de adxudicación feita pola Mesa de Contratación non creará ningún dereito en favor do adxudicatario provisional fronte á Administración.

10. Adxudicación provisional

O órgano de contratación acordará a adxudicación provisional, en resolución motivada que conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre a inadmisión ou rexeitamento de proposicións e a selección da empresa adxudicataria, e que deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante do Concello.

A adxudicación, que será motivada, acomodarse á proposta, salvo que esta se fixera con infracción do ordenamento xurídico ou cando mediase baixa desproporcionada ou temeraria. A tales efectos, o órgano de contratación poderá facer

uso da facultade de requerimento de aclaracións ou documentación complementaria á que se refire o art. 22 do RD 1098/2001.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación se existe algunha oferta admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego, e salvo que se presuma fundadamente que a proposición economicamente máis vantaxosa non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non se poderá producir antes de que transcorran **quince días hábiles** contados desde o seguinte a aquél no que se publique a adxudicación provisional. Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá presenta-la documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, excepto a alta no I.A.E. para o Concello de Bueu, que se xustificará mediante presentación desta e, se é o caso do último recibo sobre dito imposto, todo eso de acordo co sinalado no art. 13 e seguintes do RD 1098/2001, así como constitui-la garantía definitiva.

11. Garantía definitiva.

O empresario que resulte adxudicatario provisional, deberá constituír unha garantía dun 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE, na Caixa Xeral da Corporación e dentro dos quince días hábiles de publicación no perfil do contratante. Poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 84 LCSP, e segundo os arts 55 e seguintes do RD 1098/2001. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó concesionario, poderá dar lugar á resolución do contrato.

12. Adxudicación definitiva.

A adxudicación provisional elevaráse a definitiva dentro dos **dez días hábiles** seguintes a aquel no que expire o prazo de quince días hábiles sinalados na cláusula anterior, sempre que o adxudicatario teña presentado a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva. Será motivada, e notificaráse ós candidatos ou licitadores. Publicarase no perfil do contratante do Concello, e asimesmo, ó se-lo seu importe superior ós 100.000 euros, publicarase no BOP e DOG.

En caso de que o adxudicatario non presentara esta documentación ou a garantía definitiva, a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguinte a aquél, pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que fose posible e o novo adxudicatario teña prestado a súa conformidade, en cuxo caso, se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimenta-lo sinalado na cláusula anterior.

13. Formalización do contrato.

Cumprido-los anteriores requisitos, a Administración e o contratista formalizarán o contrato en documento administrativo, dentro dos 10 días hábiles seguintes ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo podrá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ó seu custo. O contratista, ademais do contrato, deberá asina-lo prego de cláusulas administrativas particulares.

Nos casos de incumprimento das obrigas precisadas neste artigo e no anterior por parte da empresa proposta ou adxudicataria, o contrato poderá resolverse, de se-lo caso, e adxudicarse á seguinte oferta máis vantaxosa.

14. Gastos a cargo do adxudicatario.

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- Os preparatorios e de formalización do contrato, incluídos os correspondentes ós anuncios públicos, co límite precisado no art. 75 do RD 1098/2001.
- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- Asumi-lo pagamento do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- Os de formalización pública do contrato de adxudicación, de se-lo caso.

CAP. IV. RÉXIME E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

15. Obras e instalacións.

Poderán realizarse as obras de acondicionamento necesarias para a utilización dos postos, así como as instalacións precisas para o exercicio da actividade pretendida. Non obstante, en todo caso precisarán obte-la autorización previa municipal, de conformidade co sinalado no Regulamento do Servico. Nin as obras nin as instalacións poderán supoñer alteracións da fisonomía ou estrutura dos postos.

16. Duración da concesión.

Fíxase en 13 anos, sen posibilidades de prórrogas, segundo o art. 36 do Regulamento do Servico. Á extinción da concesión, independentemente da causa, o concesionario estará obrigado a entrega-las instalacións ó Concello dentro dos 15 días seguintes, no estado de conservación e funcionamento axeitado, acompañando unha relación de tódolos bens existentes que deban revertir á propiedade municipal.

Aínda que o prazo da concesión comezará a contar a partir da formalización do contrato, en caso de non poder inicia-la explotación do servico por causa de forza maior ou causas imputables ó Concello, a data de inicio do cómputo de dito prazo será o de posta en funcionamento da instalación.

17. Remisión ó Regulamento do servico.

As cuestións relativas á transmisibilidade dos postos, gravame, permanencia da actividade, dereitos e obrigas, prohibicións, obras e instalacións, causas de extinción, réxime disciplinario e demais relacionadas co réxime dos postos serán as establecidas no Regulamento do Servico do Mercado Municipal de Abastos, publicado no BOP de 10.09.02.

O concesionario deberá satisfice-la taxa pola ocupación do posto que se establece na correspondente Ordenanza municipal. Así mesmo, deberá abona-lo importe dos danos e perdas que se causasen ós mesmos bens, ó uso xeral, ou ó servico ó que se atopan destinados.

A concesión será outorgada en todo caso salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

CAP. V. RÉXIME XURÍDICO.

18. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta, dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, logo de informe xurídico, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

19. Lexislación aplicable.

No non previsto expresamente no presente prego de condicións, estarase ó disposto na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no que non se opoña á Lei de Contratos do Sector Público, Lei 7/85 do 2 de abril e RD Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como demais normativa aplicable á contratación local, con especial referencia ó Regulamento Municipal do Servicio de Mercado.

O concesionario someterase expresamente á devandita lexislación.

20. Xurisdicción competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da lei reguladora de dita xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpoñer-lo recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I: MODELO DE PROPOSICIÓN PARA O SOBRE B.

D/D^a....., con enderezo en....., teléfono....., provisto do DNI nº....., tendo coñecemento do PROCEDIMENTO ABERTO QUE TRAMITA O CONCELLO DE BUEU PARA A ADXUDICACIÓN DE POSTOS VACANTES NA PRAZA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS, a medio da presente, expón que desexa participar no sinalado procedemento, para o que:

1. Acepta plenamente as Bases aprobadas ó efecto e cantas obrigas do mesmo se deriven, como aspirante ó concurso e como adxudicatario de chegar a selo.
2. Solicita o-s posto-s (por orde de preferencia, non se poderán solicitar máis de dous postos á vez).
 -
 -
3. Efectúa a seguinte oferta segundo os criterios valorables (art. 6 das bases):
 - Oferta económica:euros.

- Disminución da duración do prazo da concesión:anos, de xeito que a duración total proposta para a concesión é deanos en total.

.....
(LUGAR E DATA).

(SINATURA).
O ALCALDE-PRESIDENTE

E así elévanse por esta Alcaldía ó Pleno da Corporación para, tra-los informes oportunos, sexa tomado acordo polo órgano competente ó respecto.

En Bueu, 13 de Marzo de 2009
O ALCALDE

Asdo.: Félix Juncal Novas

DILIXENCIA.- Exténdese, como secretaria, para facer constar que o presente prego, que consta de páxinas, ésta incluída, todas elas en papel timbrado municipal, rubricadas por min e seladas co de Secretaría deste Concello, foi aprobado porde data

Bueu
A SECRETARIA

Asdo.: Paula Riádigos Iglesias